

GAL

Outono

MUSEO DE PONTEVEDRA

SETEMBRO • OUTUBRO • NOVEMBRO DE 2024



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

O gabinete de Ricardo Blanco Cicerón. Do coleccionismo ao museo

Do 12 de setembro ao 10 de novembro

Unha homenaxe ao coleccionista de maior relevancia para a historiografía da arte en Galicia, unha persoa que entendeu a importancia de preservar o legado artístico galego e atesourou unha vasta colección de obxectos históricos e artísticos de diversas épocas que son grandes referentes nas coleccións de todos os museos de Galicia e do resto do territorio español.

Comisaria: Erea Castro Alfonso

Inauguración: 12 de setembro, ás 19.15 h

Infiltracións II. Alberto Baraya. Vento

Do 25 de outubro ao 2 de marzo

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os fondos. O colombiano Alberto Baraya (Bogotá, 1968) navega a través da paisaxe mentres a pinta, nunha proposta que quere vincularse coa colección de paisaxes mariñas do Museo.

Comisario: Iñaki Martínez Antelo

Inauguración: 25 de outubro, ás 19.30 h

José Benito Otero Baena. Un pintor sen pinceis

Do 8 de novembro ao 19 de xaneiro

Unha mostra antolóxica do pintor de Bueu con obras datadas entre 1949 e 2016 procedentes do Museo Massó e de coleccións particulares. Ao substituír o pincel pola espátula, conseguiu unha forte intensidade cromática modelando o pigmento aplicado con agresividade, transgredindo intencionadamente as tonalidades da natureza.

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

Inauguración: 8 de novembro, ás 19.00 h

Acisclo en 66 obras

Do 29 de novembro ao 2 de febreiro

No Ourense dos anos sesenta do século XX, coñecida entón coma a Atenas de Galicia, coincidían dúas xeracións de intelectuais ás

que se lles uniron os chamados por Risco “Os Artistiñas”, dos que formaba parte Acisclo Manzano. Esta exposición revisa a súa evolución artística desde aquel expresionismo figurativo inicial ata acadar case a abstracción.

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

Inauguración: 29 de novembro, ás 19.00 h

A era das fábulas. A arte e o poder rexenerador da fantasía

Ata o 29 de setembro

Unha exposición en tres actos que vincula as coleccións de arte da Fundación María José Jove e de TBA21 Thyssen-Bornemisza Art Contemporary cos fondos artísticos, arqueolóxicos e etnográficos do Museo de Pontevedra.

Comisarias: Ángeles Tilve (Museo de Pontevedra), Susana González (Fundación María José Jove) e Chus Martínez (TBA21 Thyssen-Bornemisza Art Contemporary)

Infiltracións I. Mónica Alonso. A pel do Museo

Ata o 15 de setembro

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os fondos. Mónica Alonso (A Fonsagrada, 1970) investiga sobre as diferentes cores da pel nas figuras dunha selección de obras expostas.

Comisario: Iñaki Martínez Antelo

PARA PÚBLICO INFANTIL E FAMILIAR

OBRADOIROS

Obradoiro de Numismática: A Ceca do Museo

14 de setembro, de 10.00 a 11.30 h e de 12.00 a 13.30 h

Un achegamento á numismática: a súa orixe, a súa historia e o proceso de fabricación. A cativada deseñará e creará a súa propia moeda e acuñará recreacións de moedas antigas pertencentes á colección do Museo.

Para nenas e nenos de 6 a 10 anos

Inscripción a partir do mércores 4 de setembro

Obradoiros A Era das Fábulas

14, 21 e 28 de setembro, de 11.30 a 13.00 h

Percorridos en familia con integrantes de Taller Abierto para contemplar a arte como reflexo do tempo no que foi creada e entender como axuda a reflexionar sobre temas contemporáneos: a arte como soporte do ancestral e como mecanismo de comprensión do mundo no que vivimos.

Para nenas e nenos a partir de 6 anos, na compañía dunha persoa adulta responsable

Inscrición a partir do martes 3 de setembro

Obradoiros polo Día Europeo da Arte Rupestre

9 de outubro

Actividade dirixida a centros escolares

PARA TODOS OS PÚBLICOS

NARRACIÓN ORAL

Celso Fernández Sanmartín: Dicir “A era das fábulas” é como dicir “Desde o principio dos tempos”

20 de setembro, ás 19.00 h

“Miña avoa Carmen Guerra González, cando vía un documental de animais doutros continentes, dicía: ‘E ese bicho, cómese?’ Tamén vimos da fame, da metáfora, dos tremores de terra, das invernías, as tormentas e os agostos, da presunción e da humildade. Somos bichos. Ningún bicho é insignificante. Por iso seguimos na era das fábulas”.

OBRADOIROS

Debuxar no Museo. Exploración artística para principiantes

Dirixidos a público xeral con coñecementos básicos de debuxo. Impartidos por Antía Sánchez.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos

Carbón: 1, 8, 15 e 22 de outubro

Tinta: 5, 12, 19 e 26 de novembro

De 16.30 a 18.00 h ou de 18.00 h a 19.30 h

Inscrición a partir do mércores 18 de setembro

Un Mapa é unha Ponte. Experiencia de creación con JJ Richards

Sábado 23 de novembro, ás 12.00 h

Obradoiro para xente nova e adulta na que se explorará o potencial terapéutico da expresión artística como medio para facilitar a expresión emocional e abordar tensións derivadas das vivencias persoais relacionadas co espazo e coa memoria.

Inscripcións a partir do 6 de novembro

ENCANTRO LITERARIO E ARTÍSTICO

Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes

Do 16 ao 18 de outubro

Un punto de encontro entre as persoas novas que queren iniciarse na literatura e escritores consagrados, que compartirán as súas estratexias, motivacións e coñecementos. Organizado pola Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

PROXECCIÓN E CONCERTO

Contrapuntos: música e memoria

31 de outubro, ás 19.00 h

O Museo lembra a todas as vítimas da Guerra Civil e o exilio de 1939 cunha nova entrega do programa "Contrapuntos". Nesta ocasión homenaxéase á escritora María Teresa León coa proxección do documental *Aitana* e co espectáculo musical e literario *Memoria da melancolía*, con Samuel Diz, Jonatan Alvarado e Yolanda Castaño.

CONCERTO

Galicia anterga

9 de novembro, ás 19.00 h

Concerto promovido pola Fundación Rogelio Groba, na que se interpretarán varias obras do ciclo etnográfico do recoñecido compositor galego, falecido en 2022.

CONMEMORACIÓN

Semana Lorquiana

Do 12 ao 17 de novembro

O Museo lembra un ano máis as visitas de Federico García Lorca á cidade de Pontevedra cunha serie de actividades para todo tipo de públicos, dirixidas por Polo Correo do Vento.

SEMINARIOS E CONFERENCIAS

CONGRESO

XVII Congreso Nacional de Numismática. "Numismática, que e para que?"

Do 12 ao 14 de setembro

Profesionais procedentes de distintos ámbitos relacionados con esta disciplina protagonizarán sesións de debate nas que se poñerá o foco no futuro que lles agarda ao estudo e á divulgación desta ciencia. Tamén terán cabida a presentación e a comunicación de estudos recentes sobre coleccións, novos achados e proxectos de investigación en desenvolvemento.

SEMINARIOS

A Relixiosidade Popular en Galicia: Sinal de Identidade Cultural

25 de setembro, de 9.30 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h

Especialistas abordarán diversos aspectos do comportamento e do sentir relixioso do pobo galego desde o pasado ata o día de hoxe e poñerán sobre a mesa a situación actual de romarías, cintos de protección, exvotos e outras prácticas.

No Bicentenario de Casto Méndez Núñez

2 de outubro, de 10.30 a 13.30 h e de 16.00 a 19.30 h

Cando se alcanzan os 200 anos do nacemento do mariño e militar Casto Méndez Núñez, o Museo de Pontevedra revisa a súa traxectoria na Armada, a tecnoloxía naval do seu tempo e as características das coleccións relacionadas coa súa figura que se conservan no Museo Naval de Madrid e, principalmente, no Museo de Pontevedra.

A Galería Diana de Cidade de México, 1954-1965. Reconstrución Histórica dunha Galería de Arte do Exilio Galego e Español

17 de outubro, de 16.00 a 20.00 h

Na Galería Diana de Rosita García Ascot e Jesús Bal y Gay, artistas do exilio coma Remedios Varo, Elvira Gascón ou Lucinda Urrusti compartiron espazo coa nova xeración de artistas mexicanos coma Ángela Gurría, Pedro Friedeberg ou Héctor Xavier, nun momento de novas inquedanzas que impulsaron o movemento da Ruptura.

1.º Foro Grial-Galicia 2050: Pensar para Adiante. Culturas, Artes e Identidades

7 de novembro, de 16.30 a 19.30 h

Fronte a un presente de crises climáticas e de civilización, Editorial Galaxia e Museo de Pontevedra organizan este foro para repensar o mundo en que vivimos e poder imaxinar un horizonte de expectativas e escenarios alternativos.

CONFERENCIAS

“Día Europeo da Arte Rupestre”. Manuel Santos Estévez

9 de outubro, ás 19.00 h

Conferencia polo Día Europeo da Arte Rupestre a cargo do arqueólogo galego Manuel Santos Estévez, investigador do Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que dirixiu, entre outros, os traballos arqueolóxicos en Campo Lameiro.

“O pintor Antonio Ortiz Echagüe (1883-1942) e a escola sarda. Un exemplo no Museo de Pontevedra”. Montserrat Fornells Angelats

23 de outubro, ás 19.30 h

Antonio Ortiz Echagüe foi un pintor cosmopolita e viaxeiro. A súa presenza en Sardeña fixo que xurdise na illa unha escola costumista sarda que seguiu os seus pasos: a Scuola di Atzara. *Cabeza de nena sarda* do Museo de Pontevedra é un exemplo do seu gran talento como retratista.

XORNADA

IX Xornada de Onomástica Galega. Os Outros Nomes

19 de outubro, de 10.00 a 14.30 h e de 16.30 a 18.30 h

A Real Academia Galega organiza esta cita ineludible no campo do estudo dos nomes propios, que desta volta poñerá o foco na toponomástica (estudo dos nomes de lugar) e a antroponomástica (estudo dos nomes de persoa).

ENCANTRO

XIII Encontro de Conservación e Restauración. A Madeira como Soporte dos Bens Culturais

21 e 22 de novembro

A nova edición do encontro xuntará persoas expertas de diferentes países para abordar os retos da conservación e restauración en madeira: a intervención no patrimonio arqueolóxico, a madeira como soporte en bens mobles e inmobles, e as pragas e tratamentos e as achegas científicas arredor deste material. Organizado coa colaboración da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

VISITAS GUIADAS

Á exposición permanente

Domingos e festivos, ás 12.00 h

Ás Ruínas de San Domingos

Ata o 15 de outubro: de martes a venres, ás 12.00 h

Toda a programación desenvólvese nos edificios Castelao e Sarmiento e é de acceso libre sen reserva previa, salvo que se indique o contrario.



museo.depo.gal



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA